



XORNADA

Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

Teresa Martínez (As Pontes, 1956)

Formación: Licenciada en Medicina e cirurxía pola UCM e especialista en Endocrinoloxía e Nutrición pola mesma Universidade. Máster en Xestión Sanitaria por ESADE.

-Que representan o fogar dixital e a consulta non presencial na atención médica?

-Poder atender aos pacientes, sen reducir a calidade asistencial e coa frecuencia que sexa precisa, ao non ter que renunciar ás súas obrigas por ter que desprazarse á consulta hospitalaria.

-De que ferramentas dispoñen os profesionais da saúde para a súa dixitalización?

-Na Comunidade galega a Historia Clínica Informatizada é a principal ferramenta que permite unha atención neste sentido. A mellora continua que se realiza desde o Sergas contribúe de xeito importante á súa consecución.

-Que oportunidades de futuro representa a dixitalización neste eido?

-Moi grandes. O futuro, sen ningunha dúbida, vai nesta dirección. Agás a exploración física directa, que hai que realizar ocasionalmente, o resto da atención médica pode realizarse así sen que isto, como xa dixen, supoña una redución da calidade asistencial.

- Que recomendacións darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión desde a dixitalización?

- Creo que é un futuro laboral seguro, e estar ben preparado é fundamental. O Sistema Sanitario pasa por un momento crucial que precisa medidas que o sigan facendo sostible e neste aspecto é unha parte importante que pode contribuír a logralo.